

PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA CAÑIZA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE “RECUPERACIÓN DO ENTORNO DA ANTIGA PONTE DAS ACHAS”.

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Luis Antonio Gómez Piña, alcalde do Concello da Cañiza, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra. As partes reconécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 20 de xuño de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución do proxecto de obras de “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 20 de xuño de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan electrónicamente a presente addenda.

